



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de bibliotecario-arquiveiro, persoal funcionario/a interino/a, para a substitución transitoria do titular da praza.

Núm. Admvo. Expte.: 2023/E001/000015

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000406

Visto o expediente que se tramita para a selección dun/ha funcionario/a interino/a, bibliotecario-arquiveiro para a substitución transitoria do titular da praza e creación de bolsa de traballo/lista de reserva, a través do sistema de concurso-oposición.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 899/2023, de 6 de novembro de 2023 se aprobaron as bases da convocatoria para a selección deste persoal, publicadas no BOP núm. 215 de 10 de novembro de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose tamén o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 15 de novembro de 2023.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 30/04/2024 respecto da resolución das alegacións presentadas, da relación definitiva de persoas aprobadas e da lista definitiva da bolsa de traballo/lista de reserva.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 360/2024, de data 16/05/2024 na que se lle require á aspirante proposta para que presente a documentación requirida e se aproba a listaxe definitiva da bolsa de traballo/lista de reserva por orde de puntuación total obtida.

Visto que con data do 27/05/2024, a aspirante proposta presenta a súa renuncia ao posto por estar prestando servizos noutra entidade.

Vista a lista de reserva aprobada e, de acordo co disposto na base 11 das bases de selección, despois de contactar coa primeira persoa da lista de reserva, Sara Rodo Calvo, expresa a súa renuncia ao posto por incorporación inmediata a outro posto.

Despois de contactar coa seguinte persoa da lista de reserva, Borja Arias Mas, acepta o posto ofertado.

Vista a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, achegada polo aspirante proposto con data do 31/05/2024.

De conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local,

esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de **Borja Arias Mas, con DNI núm. ***5617****, como funcionario interino, no posto de bibliotecario-arquiveiro, pertencente á escala de Administración Especial, Subescala técnica, Grupo/Subgrupo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

A2, Nivel de complemento de destino: 22, por substitución transitoria do titular e até a reincorporación do titular do posto.

Segundo. Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse nun prazo máximo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á notificación, de acordo co establecido na base doceava.

Así mesmo, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.

Terceiro. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Cuarto. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com), no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal.

Quinto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Sexto. Emitir certificado deste acordo e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

Mándao e asínoa, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García